

ESPAZO CONCILIA 2022

XULLO | AGOSTO | SETEMBRO

**Do 1 de xullo
ao 9 de setembro
De luns a venres
De 08.30 a 14.30 horas**

BASES



CONCELLO
DE POIO
Concellería de Igualdade



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE
Secretaría Xeral da Igualdade



1972-2022
50 Combarro
Conxunto Histórico

BASES DA CONVOCATORIA DO “ESPAZO CONCILIA” 2022

1.- OBXECTO

A Concellería de Igualdade e o Centro de Información á Muller convocan o “Espazo Concilia”; un espazo socioeducativo de lecer e de apoio á infancia para favorecer a conciliación da vida laboral e familiar e fomentar a corresponsabilidade. Ao longo do verán traballarase cos cativos e cativas arredor da igualdade, a corresponsabilidade e a prevención da violencia a través de diversos obradoiros e actividades.

2.- NÚMERO DE PRAZAS E PERSOAS DESTINATARIAS

O número de prazas ofertado é de 35.

Poden solicitar a participación no “Espazo Concilia” os/as nenos/as con empadramento ou escolarizados/as no concello de Poio, e fillos e fillas de persoas que teñen o seu posto de traballo no municipio de Poio, nados e nadas entre os anos 2010 e 2018 (ambos inclusive).

3.- LUGAR DE REALIZACIÓN, DATAS E HORARIOS

O ESPAZO CONCILIA desenvolverase nas instalacións do CEIP Viñas, sito en Rúa Viñas, 2, Poio, entre o 1 de xullo e o 9 de setembro, de luns a venres, en horario de 08.30 a 14.30 horas.

4.- INSCRICIÓNS

As solicitudes de inscrición poderán presentarse a través da sede electrónica do Concello (www.concellopoio.sedelectronica.gal) aberto 24 horas, ou ben con cita previa no Rexistro Xeral do Concello de Poio, en impreso normalizado para este fin, xuntándose a documentación que se relaciona no impreso.

O prazo para presentar as solicitudes comezará o día 2 de maio e rematará o día 13 de maio (ambos inclusive)

5.- PREZO *

Os prezos públicos para o Espazo Concilia foron aprobados pola Xunta de Goberno do Concello de Poio.

Tarifas:

25 €/ mes de xullo

25 €/ mes de agosto

10€/ mes de setembro

NOTA IMPORTANTE: A matrícula conleva a ACEPTACIÓN DO CONSENTIMENTO INFORMADO que aparece como Anexo I das presentes bases, dispoñibles na páxina web do Concello de Poio e na sede do CIM.

*Non se contempla a devolución do importe da matrícula agás que o programa ESPAZO CONCILIA non poida realizarse, dada a situación sanitaria ou se cancele por non acadar o número mínimo de asistentes. En ambos casos, o Concello devolverá o importe íntegro da cota.

6.- SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

Unha vez rematado o prazo de presentación de inscricións, adxudicaranse as prazas segundo o seguinte baremo, no caso de existir maior demanda que oferta:

6.1.- SITUACIÓN LABORAL:

- Familia con dous proxenitores en activo (10 puntos)
- Familia onde só un/ha proxenitor/a estea en situación laboral activa (5 puntos)
- Familia monoparental en situación laboral activa (15 puntos).

6.2.- SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR

- Familias monoparentais (2 puntos)
- Familias numerosas (2 puntos)
- Menores pertencentes a familias de especial vulnerabilidade (2 puntos)
- Menores empadroados/as en Poio (12 puntos)
- Menores escolarizados/as en Poio (10 puntos)
- Menores con grao de discapacidade reñocido polo Organismo correspondente (mínimo 33%) (2 puntos)
- Dous o máis fillos/as matriculados/as na mesma ludoteca e quenda (1 punto)

6.3.- SITUACIÓN ECONÓMICA

Participantes dunha unidade familiar que non teña ingresos superiores a 3 veces o indicador público de renda de efectos múltiples 2020 (IPREM: 1613,52 €/mes) (10 puntos)

Participantes dunha unidade familiar que non teña ingresos superiores a 6,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples 2020 (IPREM: 3.495,96 €/mes) (5 puntos)

Familias monoparentais ou familias numerosas dunha unidade familiar que non teña ingresos superiores a 21,15 veces o indicador público de renda de efectos múltiples 2020 (11563,56 €/mes) (15 puntos)

En caso de empate na puntuación, adxudicarase a praza por orde de inscrición.

O 10% das prazas (3 prazas) están reservadas para usuarios e usuarias dos Servizos Sociais e Cim do Concello que subvencionarán as mesmas, previo informe da profesional correspondente.

7.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA FORMALIZAR A INSCRIPCIÓN

Solicitud de inscrición segundo o Anexo I
Fotocopia do DNI do pai/nai/titor/a
Fotocopia da tarxeta sanitaria do neno/a
Fotocopia do documento acreditativo da discapacidade (mínimo 33%)
Fotocopia do DNI ou libro de familia do/a menor
Fotografía tamaño carne do neno/a
Fotocopia do documento acreditativo de ser familia monoparental ou numerosa
Certificado ou documento acreditativo de estar escolarizado/a nun centro educativo e Poio (só para o caso de non estar empadroado)
Para acreditar a súa situación laboral activa poderán presentar: informe de situación actual de estar en activo expedido pola Tesorería Xeral da Seguridade Social ou vida laboral actualizada xunto con copia do contrato laboral.
As familias residentes fora do municipio, pero con posto de traballo en Poio, deberán presentar ademais da documentación anteriormente indicada, aquela que acredite que o seu posto de traballo está no municipio de Poio.
Última declaración da renda dos membros da unidade familiar (2020) ou certificado de non declarante de renda.
Informe social (no seu caso)

Outra documentación *

Documentación relevante sobre datos médicos (enfermidades, alerxias, medicación) ou situacións familiares que sexa preciso coñecer para o bo desenvolvemento da actividade.

* A organización comprobará o empadramento no padrón municipal do concello de Poio.

8.- PROCESO DE SELECCIÓN

A baremación farase nas instalacións da Casa Rosada pola Directora e psicóloga do Centro de Información á Muller segundo o previsto no punto 6 destas bases.

- Publicación da listaxe provisional de admitidos/as coas puntuacións acadadas o día 30 de maio, no taboleiro de anuncios do Concello, en <https://concellopoio.sedelectronica.gal/board/>, e no Centro de Información á Muller.

- Emendar erros e/ou falta de documentación, presentación de reclamacións ou presentación de renuncias: do 31 de maio e 1 de xuño (ambos inclusive)

- Resoltas as reclamacións e vistas as renuncias presentadas, procederase a publicación da listaxe definitiva de admitidos/as e da listaxe de agarda cos/as solicitantes excluídos/as que seguirá a orde que resulte da baremación: 6 de xuño no taboleiro de anuncios do Concello, en <https://concellopoio.sedelectronica.gal/board/> e no Centro de Información á Muller,

En función das baixas que se produzan na actividade os/as nenos/as accederán á ludoteca seguindo a orde na que figure na lista o que será debidamente notificado por teléfono e/ou correo electrónico

A estes efectos terase en conta o disposto na disposición adicional sétima da Lei 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

9.- CONFIRMACIÓN DA PRAZA

Confirmación da praza co pago da matrícula no número de conta ABANCA: ES86 2080 5419 9130 4011 6625, poñendo como concepto "Nome e apelidos do menor e ESPAZO CONCILIA e quenda nas que se inscriba.

Os documentos de pagamento serán individualizados para cada menor, tamén no caso de irmás ou irmáns

Disporá de tres días hábiles do 7, ao 9 de xuño de 2022 (ambos inclusive) para efectuar o pagamento e remitir o xustificante de pago do importe da actividade ao Centro de Información ás Mulleres mediante correo electrónico: igualdade@concellopoio.org ou de xeito presencial.

No caso de non aboarse o importe no prazo sinalado entenderase como renuncia e a lista correrá segundo a orde que resulte da baremación.

Se unha vez obtida a praza e aboada a cota de inscrición, o/a participante non puidera asistir á actividade, non terá dereito a devolución da cota e entrará o seguinte neno/a, en reserva.

Soamente se contemplará a devolución do importe da inscrición nos seguintes casos, debendo solicitalo por escrito:

- que o programa non se poida realizar por crise sanitaria
- que se cancelen as actividades por non acadar o número mínimo de asistentes.
- que a persoa solicitante renuncie por obter praza noutro campamento organizado polo Concello de Poio (deberá achegar xustificante do pagamento).
- no caso de que a persoa interesada non puidera asistir á actividade por algún dos seguintes motivos debidamente xustificadas e acreditadas documentalmente: (enfermidade, accidente grave ou falecemento da persoa solicitante ou dun familiar.

10.- PUBLICIDADE DA ACTIVIDADE

As presentes bases do "Espazo Concilia" e o listado de admitidas/os, seleccionados/as e de agarda, atópanse no Centro de Información á Muller sito na "Casa Rosada" e no taboleiro de anuncios do Concello no enlace <https://concellopoio.sedelectronica.gal/board/> e no portal de transparencia.

A estes efectos terase en conta o disposto na disposición adicional sétima da Lei 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

11.- FINANCIACIÓN E CUSTE DO SERVIZO

A prestación do servizo "ESPAZO CONCILIA" ten un custo de 10.989 euros (IVE engadido), que se sufragará en parte polas tarifas abonadas polos participantes da actividade e por unha subvención da Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

12.- INTERPRETACIÓN DAS BASES

Todas as cuestións que poidan derivar da interpretación destas bases resolveralas o Servizo de Igualdade do Concello de Poio.

13.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

En cumprimento co establecido na actual normativa de Protección de Datos de Carácter persoal, os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable polo Concello de Poio, coa finalidade de levar a cabo a súa tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos, tal e como se explica na información adicional sobre protección de datos na páxina web do Concello de Poio na seguinte ligazón: www.concellopoio.gal/index.php/politica-de-privacidade.

13.- PROTOCOLO SANITARIO DE APLICACIÓN

O Espazo Concilia se adaptarán á nova situación sanitaria xerada pola COVID-19. Así, o programa adecuouse ás ratios establecidas co fin de manter a distancia de seguridade recomendada, incrementar os labores de limpeza e desinfección, e deseñar as actividades que se poden levar a cabo sen risco de contaxios, respectando as recomendacións da normativa de seguridade e saúde en vigor en cada momento.

As actividades levaranse a cabo coas adaptacións necesarias en canto a limitacións de ocupación máxima nas instalacións e reforzo das medidas hixiénico-sanitarias e incrementando as ratios de monitoras e monitores por menor participante para prestar o servizo da maneira máis eficiente e con todas as garantías.



DESCARGAR INSTANCIA DE INSCRICIÓN

ESPAZO
CONCILIA
2021

